

# Europa

## Espazo Europeo de Educación Superior: Novos títulos universitarios. As ensinanzas de grao

**Emilia Seoane Pérez**

Conselleira EURES  
(EUROpean Employment Services)  
Profesora da Universidade de Vigo

[eures.universidade.emilia@uvigo.es](mailto:eures.universidade.emilia@uvigo.es)



O Consello de Universidades informou positivamente 162 títulos de grao adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). A adaptación ratificouse nas sesións celebradas os días 28 de maio e 16 de xuño de 2008 e beneficia a 33 universidades españolas, públicas e privadas.

Os títulos, previo paso polo Consello de Universidades, xa tiñan a verificación favorable da Axencia Nacional da Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). A partir do conxunto dos novos plans de estudo con informe favorable, o Ministerio de Ciencia e Innovación (MCINN) presenta 117 títulos de grao para ser aprobados no Consello de Ministros do 29 de agosto de 2008. Posteriormente serán inscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) e as 21 universidades poderán impartilos neste curso 2008-2009.

Visto o anterior, do total das 162 titulacións verificadas, 117 chegaron xa ao final do seu percorrido e constitúen os primeiros estudos de grao, adaptados ao EEES, que recibiron o informe favorable da ANECA, a resolución de verificación positiva por parte do Consello de Universidades e a correspondente autorización polas comunidades autónomas. Agora queda unicamente a súa implantación nas universidades onde se propuxeron. Pola contra, 55 titulacións pertencentes a 12 universidades están pendentes dalgún tipo de trámite, como a autorización que debe outorgarlles a comunidade autónoma á que pertencen, para que a proposta de oficialidade poida elevarse ao Consello de Ministros, coa posibilidade de executarse no presente curso, se o trámite se fai en prazo.

Á vista dos datos hai que concluír que, das 117 titulacións que xa pasaron o trámite, as pertencentes a Ciencias Xurídico-Sociais serán as de maior implantación, cun 48,59%. Séguenas Enxeñería e Arquitectura cun 24,29%, Ciencias da Saúde cun 12,14%, Artes e Humanidades cun 9,34% e Ciencias cun 5,60%.

Por comunidades autónomas, o número de titulacións presentadas e verificadas son as que figuran na Táboa 2.

As catro comunidades autónomas que máis títulos de grao en EEES poderían ofertar para este curso son: a Comunidade de Madrid, coa presentación de 73 titulacións de grao adaptadas á nova estrutura; continúa Cataluña con 31, Aragón con 18 e a Rexión de Murcia con 15. As comunidades e as súas respectivas universidades que non presentaron ningunha titulación para iniciar a oferta docente no curso 2008-2009 coa adaptación a Boloña son Andalucía, Illes Balears, Cantabria, Castela A Mancha, Estremadura, A Rioxa e o Principado de Asturias.

No caso de Galicia as 5 titulacións aprobadas son, na Universidade da Coruña, Socioloxía e Terapia Ocupacional; na Universidade de Santiago de Compostela, Matemáticas e Ciencias Políticas e da Administración; e na Universidade de Vigo, Belas Artes. Todas pasaron xa polo Consello de Ministros e cumpriron os trámites da propia Comunidade. Galicia atópase así entre as primeiras autonomías do país na implantación de titulacións adaptadas.

Ramas de coñecemento	Títulos de grao que informou favorablemente o Consello de Universidades	% sobre o total de informados	Títulos de grao xa aprobados en Consello de Ministros (28-08-2008)	% sobre o total de aprobados	Títulos de grao pendentes de trámites
Artes e Humanidades	26	16,04	10	9,34	16
Ciencias	9	5,55	6	5,60	3
C. Sociais e Xurídicas	73	45,06	52	48,59	21
Enxeñería e Arquitectura	29	17,90	26	24,29	3
Ciencias da Saúde	25	15,43	13	12,14	12
<b>Totais</b>	<b>162</b>	<b>100</b>	<b>117</b>	<b>100</b>	<b>55</b>

Táboa 1. Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación (MCINN)

Comunidade autónoma	Número de titulacións
Aragón	18
Canarias	1
Castela e León	7
Cataluña	31
Galicia	5
Madrid	73
Rexión de Murcia	15
Comunidade Foral de Navarra	1
País Vasco	6
Comunidade Valenciana	5
<b>Totais</b>	<b>162</b>

Táboa 2. Situación actual dos títulos de grao adaptados ao EEES

Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación (MCINN) Cadro: elaboración propia.

Polo que respecta á titularidade das universidades que achegaron proxectos para os novos plans de estudos, hoxe xa verificados polo Consello de Universidades, con efectos para o curso 2008-2009, a situación que se observa é que, das 33 universidades con propostas dunha ou máis titulacións, 16 son de titularidade pública e 17 de titularidade privada (no cómputo de privadas inclúo as da Igrexa Católica).

O percorrido previo ao momento de implantación dos novos títulos, ao abeiro do EEES, require traballo e implicación dos diferentes organismos e institucións con competencias para tal efecto, desde as propias universidades ata o goberno do Estado, pasando indubidablemente polas comunidades autónomas.

O curso académico 2008-2009 será, polo tanto, o primeiro no que os estudantes españois poidan cursar algúns dos novos títulos de grao, e farano con dous anos de antelación sobre o calendario europeo previsto.

O curso 2009-2010 queda, en cambio, como opcional, mentres que no 2010-2011 será de obrigado cumprimento a implantación do 1.º curso de todas aquelas titulacións que ata ese momento aínda non o tivesen feito.



Máis información:  
[www.micinn.es](http://www.micinn.es)

No próximo nº  
**As ensinanzas  
de posgrao**

## VUELA! Feria de la movilidad universitaria

A Comisión Europea, o Ministerio de Ciencia e Innovación e Univer-sia organizaron a primeira Feria de Movilidad Universitaria, Vuela! A feira desenvolveuse no paraninfo da Cidade Universitaria de Madrid os días 20, 21 e 22 de outubro e conformou un espazo no que universidades e empresas lle ofreceron ao público universitario alternativas no eido do estudo, bolsas, emprego e investigación. A actividade encádrase no conxunto de medidas orientadas á promoción do Espazo Europeo de Educación Superior, difusión de programas de mobilidade dirixidos á comunidade universitaria. Entre os participantes estaban a Universidade Complutense de Madrid, a Universidade de Murcia, a Universidade de Cantabria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, que compartiron experiencias coa University of Bath School of Management (U.K) e a Universidad EAFIT (Colombia); institucións como EURES (EUROpean Employment Services)- España, a Fundación Séneca, a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) e Bizkaia.exe, así como empresas, entre elas, Ersnt & Young, Hilti, Unión Fenosa, IBM, KPMG, PriceWaterHouseCoopers, Vodafone, etc.

A feira albergou eventos, como:  
- "Jornada de Movilidad e Investigación", dirixida a estudantes, investigadores e empresas. Nela participaron a Comisión Europea, representantes dos centros de mobilidade da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), a Fundación Séneca e Bizkaia.exe.

- "Espacio Europeo de Educación Superior". Orientada a estudantes e á comunidade universitaria, en xeral, contou coa participación da

Universidade Carlos III de Madrid e a Comisión Europea.

- "La Red EURES (EUROpean Employment Services) y la movilidad profesional", unha actividade que ía dirixida a estudantes e empresas, e na que participaron a Rede EURES-España e a Universidade de Vigo.

Máis de 100 entidades e institucións participantes presentaron expositores para achegar información e establecer contactos.

### Máis información en:

[www.vuela.universia.es](http://www.vuela.universia.es)

## Xornadas Europeas do Emprego 2008 "2008 European Jobdays"

Ao longo dos meses de setembro e outubro do 2008, celebráronse en toda Europa feiras de emprego e actos especiais co gallo das Xornadas Europeas do Emprego 2008. Estas xornadas iniciáronse no 2006, no "Ano Europeo da Mobilidade dos traballadores". A partir de aí o interese polo evento foi medrando ata chegar a esta 3.ª edición. No ano 2007, máis de 200.000 persoas asistiron aos máis de cincocentos actos repartidos entre 230 cidades de toda Europa.

O acontecemento presentouse este ano como unha oportunidade para o encontro de empresarios e demandantes de emprego, no que ademais poden contar coa orientación e asesoramento de conselleiras e conselleiros EURES. Con esta iniciativa, a Comisión Europea e EURES (EUROpean Employment Services) pretenden asegurar a transmisión de mensaxes contundentes, claras e coherentes a empresarios e a futuros traballadores do mercado laboral europeo. Neste sentido, as xornadas constitúen un elemento clave, xa

que a mobilidade laboral dentro de Europa fomenta o crecemento económico. Entre os centos de actos que se desenvolven nas xornadas, destacan as feiras de traballo, seminarios e sesións informativas.

Este ano estiveron presentes unha ampla variedade de organizacións, como: empresas locais, servizos públicos e privados de emprego, organizacións sociais, universidades, centros de estudo e formación e cámaras de comercio.

Entre as cidades que acollen as feiras de emprego atópanse Liverpool (Reino Unido), Lyon (Francia), Lisboa (Portugal), Bruxelas (Bélxica), Bilbao (España), Wien (Österreich) e Turín (Italia).

### Máis información en:

[www.europa.eu.int/eures](http://www.europa.eu.int/eures)

## Froitas e verduras para potenciar hábitos alimentarios saudables

A Unión Europea prepara un borrador que inclúe unha campaña para promover a comida saudable e loitar contra a obesidade infantil. A devandita campaña terá un orzamento de 90 millóns de euros anuais cos que se pretende financiar o plan para o curso 2009-2010.

Entre as accións previstas está a de subministrar froitas e verduras nos colexios europeos, sen ningún custo para as familias.

O programa vai dirixido á formación de hábitos saudables, mediante unha maior presenza das froitas e verduras nas dietas infantís. As rexións máis pobres, nas que o consumo destes alimentos é especialmente baixo, recibirían un impulso especial, co 75% do custo financiado con diñeiro europeo.